

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA

VERÁN

NO
GAIÁS



**Actividades para
gozar dun verán
cultural para todos
os públicos**

cidadedacultura.gal

DOSSIER DE PRENSA



XUNTA
DE GALICIA

VERÁN NO GAIÁS

**MEDIO CENTO DE
ACTIVIDADES COAS
QUE GOZAR DUN VERÁN
CULTURAL PARA TODOS
OS PÚBLICOS**



**A Cidade da Cultura
presenta para este
2023 un amplo abano
de actividades ao aire
libre que convidan a tirar
proveito do bo tempo e
dos longos días de estío.
Unha oferta pensada
para que tanto a cativada
e as familias, como mozas
e mozos e o público
adulto atopen un plan
para achegarse a vivir o
Verán no Gaiás.**

A oferta busca consolidar a Cidade da Cultura como un espazo de cultural de referencia para todas as idades: desde a cativada cos campamentos urbanos e os espectáculos de rock, maxia e circo para gozar en familia ata o público xuvenil e adulto ao que se orientan os concertos de balde de *Atardecer no Gaiás*, con artistas como Juancho Marqués e Natalia Lacunza, ou o concerto de Fillas de Cassandra co que arrinca a programación estival. Tres novas exposicións no Museo Centro Gaiás, o ciclo

de intervencións artísticas na natureza *Reb/veladas na paisaxe*, o Encontro de Artistas Novos ou as residencias artísticas do Gaiás completan a vertente máis artística do programa.

**Agárdase que preto de
70.000 persoas asistan
e participen nas
actividades de verán
da Cidade da Cultura.**

Verán miúdo e en familia

4 GRANDES ESPECTÁCULOS DE BALDE CON MAXIA, ROCK E CIRCO AO AIRE LIBRE



Magic Space. A maxia das estrelas | Pedro Volta

28 XUÑO | 20 H |
PRAZA CENTRAL

O ilusionista Pedro Volta trae ao Gaiás un espectáculo de maxia inspirado nas sondas espaciais Voyager que se lanzaron ao espazo en 1977 e na exploración do Universo. Insólitos e modernos efectos de maxia que recordan o adestramento dos astronautas antes de ir ao espazo e que abraiarán ao público cos grandes misterios que aínda agocha o cosmos: viaxes interestelares, buracos negros, vida extraterrestre...

Rock en familia: Queenmanía

4 XULLO |
XARDÍN DO TEATRO

Un espectáculo musical para revivir a maxia da música en directo de Queen, unha das bandas de rock máis relevantes da historia. Os grupos Killer Queens e Play the Game renden homenaxe á banda de Freddie Mercury reproducindo ao detalle tanto a estética como o son co que os británicos conquistaron os escenarios de medio mundo. Un percorrido pola súa historia e temas máis míticos nunha linguaxe adaptada ao público máis novo que fará que maiores e cativada bailen e se emocionen nunha mesma sesión.



Isto é Rock

12 XULLO |
PRAZA CENTRAL

Un concerto interactivo que repasa a historia do rock da man de Javier Becerra (autor do libro infantil *Esto es rock/ Isto é rock*). Que é iso que chamamos rock? Onde xurdiu e como foi evolucionando co tempo? Cales foron as artistas e bandas que marcaron un antes e un despois no xénero? A todas estas preguntas responde Javier Becerra de maneira amena e co acompañamento musical de Carolina Rubirosa, cantante e compositora galega cunha ampla traxectoria tanto en solitario como á fronte da orixinal agrupación compostelá The Funkles.

Circo: Lemniscate | Cie. Bivouac

18 XULLO

Dous bailaríns e un acróbata sobre un poste chinés encarnan a tres individuos perdidos nun lugar que non existe. Entre liberacións e tensións, esvaróns e propulsións, gravidade e suspensión, evocan o carácter relativo e flexible do tempo-espazo. Unha interconexión que se fai visible, como unha escultura en movemento, nas oscilacións dos corpos, nos seus pesos e no latexo do tempo simbolizado por un metrónomo. Estrea en Galicia do último espectáculo da prestixiosa compañía francesa Bivouac, na que continúan a exploración física iniciada nos seus dous espectáculos anteriores: *Corps Perdus* e *Perceptions*.



Cidade imaxinaria

2 DE SETEMBRO |
CIDADE DA CULTURA

Recupérase este ano unha das grandes actividades para toda a familia da programación da Cidade da Cultura: *Cidade Imaxinaria*. Toda unha xornada festiva con espectáculos de teatro, música, circo, xogos e obradoiros ao aire libre que porán o colofón final ao *Verán no Gaiás*. Trátase dunha das actividades de máis éxito para o público familiar, que na súa última edición no verán de 2019 reuniu preto de 5.000 persoas.

VI Festival de Bandas Infantís e Xuvenís de Galicia

1 DE XULLO |
MUSEO CENTRO GAIÁS E PRAZA CENTRAL

A Cidade da Cultura acolle a sexta edición do tradicional encontro organizado pola Federación Galega de Bandas de Música Populares no que se reúnen agrupacións procedentes de toda a xeografía galega. Unha xornada que busca dar a coñecer o traballo que fan as formacións máis novas das bandas de música populares galegas, ao tempo que se fomenta unha xornada de convivencia entre os seus compoñentes, co nexo común do seu amor pola música.

Campamento urbano Pioneiras e Experimentia

XUÑO A SETEMBRO | DE 4 A 14 ANOS

CORRESPONSABLES NO GAIÁS

Ademais da programación para gozar xuntas en familia, a Cidade da Cultura ten en conta tamén as necesidades de conciliación de nais e pais durante as vacacións dos centros educativos. Os campamentos urbanos *Pioneiras*, nos que as nenas e nenos descubrirán a mulleres que fixeron historia en eidos como a ciencia, a cultura ou incluso as carreiras de coches, e as actividades de *Experimentia* ao redor da arquitectura e da arte ofrecen unha alternativa para estimular a creatividade e a curiosidade da cativada nas mañás dos meses de xuño a setembro.

Verán musical



Fillas de Cassandra | Día da Música

24 XUÑO | 21 H | PRAZA CENTRAL
ENTRADA LIBRE E DE BALDE

Dámoslle a benvida ao verán e festexamos o Día da Música co concerto de Fillas de Cassandra, unha das novas bandas máis prometedoras de Galicia. Da man das viguesas embarcámonos nunha viaxe entre o presente o pasado, recuperando as historias das heroínas da mitoloxía grega e as estruturas do canto tradicional para confeccionar unha nova lírica influenciada polo pop, a electrónica e a música clásica. Un concerto cunha potente sonoridade capaz de conectar con públicos de diferentes xeracións no que presentan o seu primeiro álbum, *Acrópole*, gañador do premio Ari[t]mar á mellor música de Galicia e Mellor disco do ano.



Atardecer no Gaiás 2023

CONCERTOS AO SOLPOR DO 5 DE XULLO AO 30 DE AGOSTO | 21 H

PRAZA CENTRAL
ENTRADA LIBRE E DE BALDE

Consolidado como un dos eventos musicais a non perder no verán compostelán, o ciclo de concertos ao aire libre de *Atardecer no Gaiás* programa este ano 18 citas para alongar os solpores de xullo e agosto gozando da mellor música en vivo.

O cartel deste ano inclúe populares artistas nacionais, como os rapeiros **Juancho Marqués** e **Bejo**, o pop con aires electrónicos de **Rocío Saiz** e **Natalia Lacunza**, ou o punk rock de **Biznaga**. **Dulzaro**, **Paquesvr** e **Júlia Colom** súmanse ao listado de bandas estatais que poderemos escoitar no Gaiás. Desde Francia, **San Salvador** trae a súa innovadora proposta de

polifonía punk e **Ben L'Oncle Soul** os ritmos do soul máis actual. O novo jazz da trompetista portuguesa **Jéssica Pina** completa o elenco internacional dos atardeceres.

Ademais, na súa aposta por dar visibilidade ao talento musical galego, o ciclo inclúe sete artistas do país. Entre os galegos hai bandas que xa levan un tempo soando en festivais, como **Moura**, referente do rock progresivo feito en Galicia que este ano presenta o seu segundo traballo, *Axexan, espreitan*, e nomes que comezan a despuntar nos escenarios: **KYR4**, **Lontreira**, **Catuxa Salom**, **Mariagrep**, **Madalena Gamalho**, así como os artistas novos premiados no certame Xuventude Crea impulsado pola Xunta de Galicia.

Atardecer no Gaiás conta co apoio de Cervezas Alhambra, dentro da súa aposta pola creación de experiencias musicais únicas pensadas para gozar sen preña e cos cinco sentidos.

Arte dentro e fóra do museo

Co bo tempo animando ao paseo e á descuberta, a Cidade da Cultura reforza a súa programación estival con tres novas exposicións que encherán o Museo Centro Gaiás a partir de xullo, co ciclo de arte exterior Reb/veladas na paisaxe e con intervencións artísticas nas Torres Hejduk.

Alén da súa relevancia como espazo de exhibición, o Gaiás convértese no verán nun fervedoiro que atrae a creadoras e creadores coa décimo terceira edición do Encontro de Artistas Novos, a terceira Residencia Literaria da Cidade da Cultura ou as Residencias Paraíso de danza e artes vivas.



Reb/veladas na paisaxe IV

A PARTIR DO 14 DE XUÑO |
BOSQUE DE GALICIA E XARDÍN LITERARIO

A cuarta edición do ciclo de intervencións artísticas nos espazos verdes da Cidade da Cultura permítenos gozar da arte mentres paseamos polo Bosque de Galicia ou o Xardín literario da Cidade da Cultura. Este ano contamos con tres propostas de artistas novos comisariadas por tres mulleres cunha traxectoria destacada no eido da arte e da cultura.

- *Facendo Zapping*. Instalación de Diego Vidal que reflexiona sobre a incomunicación nunha sociedade hiperconectada. Comisaria: Mercedes Rozas
- *O caso de Palmira*. Instalación de Rebeca Lar que cuestiona o concepto de bruxas e meigas na historia e na cultura popular. Comisaria: Clara R. Cordeiro
- *División simple de una roca de gratino*. Instalación de Alberto Odériz que deconstrúe a propia concepción do complexo arquitectónico do Gaiás. Comisaria: Chus Villar



Luz na terra. O Seminario de Estudos Galegos, unha institución de alta cultura

A PARTIR DO 26 DE XUÑO |
MUSEO CENTRO GAIÁS, ANDAR 2

Unha mostra que rende homenaxe ao Seminario de Estudos Galegos, institución cultural determinante na construción da identidade galega e grande impulsor da modernización cultural e científica de Galicia, no ano que conmemoramos o centenario da súa fundación. Comisariada por un dos grandes historiadores de Galicia, Ramón Villares, a exposición conta coa colaboración do Instituto Padre Sarmiento, da Universidade de Santiago de Compostela e do Museo Pobo Galego, entre outras. Ademais, a publicación resultante desta exposición, chamada a converterse nunha obra de referencia e consulta, conta con textos de máis dunha vintena de protagonistas da comunidade científica e cultural da Galicia das últimas décadas, voces herdeiras e continuadoras da misión do Seminario, como Alfonso Mato, Dolores Vilavedra Fernández, Xesús Alonso Montero, Miguel Anxo Seixas Seoane ou Justo Beramendi González, entre outros.



Traballo en equipo. 30 anos do CGAC

A PARTIR DO 11 DE XULLO |
MUSEO CENTRO GAIÁS (ANDAR 1º) E CGAC

A Cidade da Cultura súmase á celebración do 30 aniversario do Centro Galego de Arte Contemporánea cunha exposición que fai memoria e reivindica o seu papel como institución dinamizadora da creación contemporánea no país. Baixo o título *Traballo en equipo. 30 anos do CGAC*, ambas institucións colaboran na confección dunha grande exposición con dúas sedes simultáneas: o CGAC e o Museo Centro Gaiás. Neste último, co epígrafe *Relatos contemporáneos do CGAC*, veremos unha escolma de medio cento de obras, algunhas delas de gran formato nas que as e os artistas pretenden establecer un diálogo co espazo arquitectónico do Museo, afondando nas correntes e tendencias da arte contemporánea ao longo das últimas décadas.

Nicolás Muller. Vento Norte

A PARTIR DO 11 DE XULLO |
MUSEO CENTRO GAIÁS, ANDAR 3

A terceira exposición que acolle este verán o Museo Centro Gaiás pon o foco na figura e no traballo de Nicolás Muller, un dos fotógrafos documentais máis destacados do pasado século. Comisariada polo fotógrafo e docente de fotografía José Ferrero Villares, a mostra fai un percorrido polas vilas, cidades e xentes que Muller retratou ao longo da cornixa

Cantábrica, de Navarra a Galicia, coa sensibilidade e o humanismo que o caracterizan. Complétase tamén cunha selección de instantáneas destacadas do autor, realizadas nos cinco países onde viviu (Hungría, Francia, España, Portugal e Marrocos).

A Coruña no tempo

A PARTIR DO 4 DE XULLO |
SEDE DE AFUNDACIÓN NA CORUÑA

No marco do programa de itinerancias da Cidade da Cultura, que pretende levar a cultura máis alá do Gaiás, continuamos co proxecto expositivo *Cidades no Tempo* en colaboración con Afundación, que chegará este verán á cidade da Coruña. Esta será a cuarta das sete mostras que compoñen a proposta, despois de que xa tivera pasado por Santiago, Ferrol e Lugo.

A Coruña no tempo permanecerá na sede de Afundación da cidade herculina dende o 4 de xullo ao 16 de setembro e percorrerá a cultura e identidade urbana dunha das urbes máis populosas e dinámicas de Galicia. Con case 250.000 habitantes, esta cidade marítima reúne numerosas empresas de tecnoloxía, produción audiovisual e moda, como a sede da multinacional Inditex. Aspectos todos eles que quedarán reflectidos nunha mostra, comisariada por Manolo Gago, que tamén afondará na súa historia e patrimonio, na súa orixe e evolución.



Fitotario

ATA O 6 DE AGOSTO |
TORRES HEJDUK

Fitotario une arte sonora, tecnoloxía e natureza nunha experiencia inmersiva creada pola artista visual Macarena Montesinos. Nesta intervención artística, as plantas reaccionan oscilando ou emitindo sons ao seren acariñadas. O proxecto, que conta co apoio de Viaqua, propónse recuperar temporalmente o uso orixinal das Torres, inicialmente concibidas polo arquitecto John Hejduk como torres botánicas para o parque compostelán de Belvís.

A inauguración. Un evento que non termina de comezar

A PARTIR DO 31 DE AGOSTO |
TORRES HEJDUK

Proxecto do artista coruñés Joel Blanco, gañador da X Convocatoria de intervencións artísticas nas Torres Hejduk encadrada na pasada edición do Encontro de Artistas Novos #EAN12, co apoio da Fundación Banco Sabadell.



Residencia literaria da Cidade da Cultura

DO 3 AO 15 DE XULLO |
ESPAZOS REGA

Terceira edición desta residencia para autoras e autores emerxentes de Galicia pensada para apoiar o desenvolvemento de obras inéditas de narrativa a través do diálogo e a posta en común e co acompañamento de escritoras destacadas das letras galegas e españolas. Dirixida polo escritor e profesor de escrita creativa, Javier Peña, participarán na mesma unha decena de autoras e autores noveis canda as escritoras Marilar Aleixandre (Premio Nacional de Narrativa 2022) e a mexicana Brenda Navarro. Por esta mesma residencia pasaron xa Berta Dávila, Sara Mesa, Marta Sanz e Leticia Costas, e tamén escritores que comezan a despuntar como Brais Lamela (Premio da Crítica 2022) e Fran Fernández Dávila (Premio de Novela Curta Vicente Risco 2023 con *Primavera. A camareira, o cuarto e o libro de poemas*, proxecto no que traballou na residencia).



Residencias Paraíso

DO 26 DE XUÑO AO 23 DE XULLO |
ESPAZOS REGA

A Cidade da Cultura ofrece espazos, tempo e recursos para o desenvolvemento de dúas das propostas seleccionadas na convocatoria 2023 das Residencias Paraíso, promovidas polo Colectivo rpm co apoio da Xunta de Galicia. Na primeira destas residencias, realizadas de maneira combinada co Centro Dramático Galego, os artistas Eduardo Valiña e Ana Gesto traballarán en *Campo da Festa*, un proxecto performativo que busca construír un relato paralelo doutra Compostela. Bal Castro e Inés Santos son os segundos artistas residentes entre a Cidade da Cultura e o Salón Teatro co seu proxecto *Transparentar*, unha proposta de investigación psicofísica en torno á sensación de ser transparentes, afondando nas inquedanzas da xeración Z, e como os corpos amosan a súa fragilidade na escena.




Encontro de Artistas Novos #EAN13

DO 27 AO 31 DE AGOSTO | BIBLIOTECA E ARQUIVO DE GALICIA

Por décimo terceiro ano consecutivo o Gaiás convértese un espazo de encontro no que creadores e creadoras emerxentes teñen a oportunidade de dar a coñecer os seus traballos e debater ao redor da arte contemporánea durante catro días de convivencia e intercambio de coñecementos e ideas con outros axentes culturais. Coordinado unha edición máis por Rafael Doctor e co apoio da Fundación Banco Sabadell, o EAN busca favorecer a convivencia entre artistas emerxentes de Galicia e procedentes doutros lugares e tamén permitirlles entrar en contacto con creadores e creadoras de recoñecida traxectoria e con axentes

do sector de eidos como a crítica e o comisariado, que participan no encontro como art followers. Como cada ano, o EAN trae ao Gaiás a destacados nomes do panorama actual da arte contemporánea, poñendo o foco nesta edición na fotografía e no audiovisual da man de Alberto García-Alix, Beatriz Ruibal, Estela de Castro e Vari Caramés, que compartirán cos artistas emerxentes participantes as súas experiencias e reflexións ao redor do mundo da arte e o proceso de creación.

Paseos pola diversidade do Gaiás



XULLO, AGOSTO E
SETEMBRO | COA
COLABORACIÓN
DE VIAQUA

De balde con
reserva de praza

Percorrido polas zonas verdes do Monte Gaiás para descubrir dun xeito exprés das máis de 40 hectáreas de zonas verdes que rodean o complexo arquitectónico, coñecer a súa fauna e a súa flora e deternos nos principais aspectos medioambientais sociados a estes espazos naturais ou recuperados.

Saíndo do Museo Centro Gaiás, achegarémonos brevemente ao Xardín Literario para a continuación percorrer parte dos sendeiros do Bosque de Galicia, o gran pulmón verde do monte, con

once mil árbores de especies autóctonas (carballos, castiñeiros, bidueiros, espiños, pradairos, abeleiras, érbedos, freixos, faias...), que incrementa a biodiversidade da zona e mellora o metabolismo ambiental de Santiago, ao tempo que contribúe a integrar a Cidade da Cultura en Compostela.

ACTIVIDADES:

Fillas de Cassandra

Día da Música

24 xuño | 21 H

Praza central. Entrada libre e de balde

Campamento urbano Pioneiras

Para descubrir as mulleres que fixeron historia na ciencia, a arte, a literatura e o deporte

4 quendas semanais nos meses de xuño a setembro | 8 a 15 H

Edificio Fontán | Plan

Corresponsables

Reb/veladas na paisaxe IV

Intervencións artísticas nos espazos naturais da Cidade da Cultura

De xuño a novembro

Campo da festa | Residencias Paraíso

Residencia artística de Edu Valiña e Ana Gesto

Do 26 de xuño ao 9 de xullo |

Espazo REGA 2

Luz na Terra. O Seminario de Estudos Galegos, unha institución de alta cultura

Exposición

Do 26 de xuño ao 7 de xaneiro |

Museo Centro Gaiás, andar 2

Magic Space. A maxia das estrelas | Pedro Volta

28 xuño | 20 H | Verán en familia

Praza central. Entrada de balde

Paseos pola diversidade do Gaiás

Xullo, agosto e setembro | Coa colaboración de Viaqua

De balde con reserva de praza

VI Festival de bandas infantís e xuvenís de Galicia

Encontro en colaboración coa Federación Galega de Bandas de Música Populares

1 xullo | Museo Centro Gaiás e

Praza central

III Residencia literaria

Encontro de autoras e autores emerxentes de Galicia. Con Javier Peña, Marilar Aleixandre e Brenda Navarro

Do 3 ao 15 de xullo | Espazo REGA 1

A Coruña no tempo

Exposición

A partir do 4 de xullo |

Sede de Afundación na Coruña

Experimentia

Obradoiros e actividades para descubrir a arte e a arquitectura

Quendas semanais en xullo | Plan

Corresponsables

Queenmanía | Concerto

4 xullo | Verán en familia

Xardín do teatro. Entrada libre e de balde

Atardecer no Gaiás

18 concertos os mércores, xoves e venres do 5 de xullo ao 30 de agosto | 21 H

Praza central. Entrada libre e de balde

Traballo en equipo. Relatos contemporáneos desde a colección CGAC

Exposición

A partir do 11 de xullo | Museo

Centro Gaiás, andar 1

Isto é Rock | Javier Becerra e Carolina Rubirosa

12 xullo | Verán en familia

Praza central. Entrada libre e de balde

Nicolás Muller. Vento Norte

Exposición

A partir do 14 de xullo | Museo

Centro Gaiás, andar 3

Lemniscate | Circo

18 xullo | Verán en familia

Praza central. Entrada libre e de balde

Transparentar | Residencias Paraíso

Residencia artística de Bal Castro e Inés Santos

Do 10 ao 23 de xullo | Espazo REGA 2

Encontro de Artistas Novos #EAN13

Residencia de artistas

emerxentes coa fotografía baixo o foco

Do 27 ao 30 de agosto | Biblioteca e Arquivo de Galicia

A inauguración. Un evento que non termina de comezar

Intervención artística de Joel Blanco

Do 31 de agosto ao 7 de xaneiro | Torres Hejduk

Cidade imaxinaria

Unha xornada dedicada ao humor e á fantasía, con circo, teatro, música e xogos ao aire libre

2 de setembro | Entrada libre e de balde

VERÁN NO GAIÁS

ACTIVIDADES PARA GOZAR
DUN VERÁN CULTURAL
PARA TODOS OS PÚBLICOS



XUNTA
DE GALICIA